# FESTIVAL DE NADAL

O venres 19 de decembro despedimos o trimestre co Festival de Nadal. Empezamos coa Lenda do Apalpador ou Apalpabeche como se coñece nesta zona, que tanta gracia nos contou Uxía, e como xa coñeciamos un pouco máis del Marta e Soraya representaron en medio de risas o seu poema sobre o Apalpador.



Como cada ano o noso profe de música, Javi, preparounos unhas panxoliñas e uns Reis que o propio alumnado de 4º de ESO escribiu e, todo hai que dicilo, todos quedamos coa boca aberta escoitando á nosa compañeira Rocío, que voz máis bonita! O broche de ouro puxérono os nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria co seu supercalifragilisticoespialidoso musical de Mary Poppins. Para acabar entregamos os premios aos gañadores e gañadoras do concurso de postais, Daniel en Infantil (que ademais foi elexida como imaxe para a Felicitación de Nadal das Familias por sorteo), Martín en Primaria e Marta en ESO. Despois do pinchos e dun bo rato de recreo tivemos sesión de cine, intercambio de postais e regresamos ás nosas casas para celebrar as festas e repoñer festas para o segundo trimestre.






XMAS
BUON NATALE
HAPPY NEW YEAR
FELIZ NAVIDAD
BOAS FESTAS
FELICE ANNO NUOVO
joyeux noël
bonne année
MERRY CHRISTMAS